



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DA ALCALDÍA

RESULTANDO, que a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2021 do concello de Oza-Cesuras unicamente conta con 2 peóns de vixiancia e defensa, polo que resulta necesario proceder á cobertura do posto de traballo de peón á maior brevidade posible.

CONSIDERANDO, as necesidades da prestación dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais na época na que nos atopamos e tendo en conta que non se dispón de ningún reserva como consecuencia do proceso selectivo iniciado o pasado 8 de xuño de 2021 que estea interesado no posto.

CONSIDERANDO, a urxencia de dispoñer de recursos humanos suficientes para levar a cabo de xeito completo os ditos traballos de prevención e extinción previstos no Plan de actuacións aprobado ao efecto.

RESULTANDO, que resulta necesario proceder a contratación dun peón da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ata o 29 de novembro de 2021.

RESULTANDO, que con data 31 de agosto de 2021 se efectuou unha oferta para a contratación con carácter urxente dun peón de vixiancia e defensa contra incendios forestais ata o 29 de novembro de 2021 e se publicou a convocatoria mediante anuncio no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal.

CONSIDERANDO, que segundo se desprende do rexistro municipal de entrada deste Concello e dentro do prazo de 48 horas concedido ao efecto, que comezou o 31 de agosto de 2021 tras a publicación do anuncio na páxina web do Concello (www.concellodeozacesuras.es) levada a cabo ás 13:34 horas e que rematou ás 13.45 do presente día 2 de setembro, presentou solicitude para o dito posto a unicamente un candidato que acredita cumprir a totalidade dos requisitos esixidos.

CONSIDERANDO, que D. Diego Sánchez-Tembleque Bahamonde superou as probas médicas e físicas e obtivo un resultado de “apto”, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente, polo presente

RESOLVO:

1º.- Contratar dentro para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais dende o 13 de setembro ata o 29 de novembro de 2021 a D. Diego Sánchez-Tembleque Bahamnde para o Posto de peón para a brigada.

2º.- Dar traslado desta resolución e demais datos necesarios, á xestería administrativa para que proceda a súa alta na Seguridade Social aos efectos de formalizar o contrato laboral no que se establecerá un período de proba de quince días, conforme ao previsto na lexislación vixente.





Concello de Oza-Cesuras

3º.- Publicar a presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios deste concello.

Mandouno e asinao o Sr. Alcalde D. José Pablo González Cacheiro, en Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s, do que eu secretario, certifico

O ALCALDE-PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Pablo González Cacheiro

Asdo.: José C. Sánchez Presedo

